MANIFESTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO CONCELLO DE MALPICA

Malpica, 25 de novembro de 2026.

Malpica de Bergantiños

MALPICA NON MIRA PARA OUTRO LADO

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Por todas as que calaron. Por todas as que loitaron. Por todas as que xa non están. Por todas as que merecen vivir libres.

Hoxe, 25 de novembro, volvemos xuntarnos para lembrar algo que, por desgraza, aínda é necesario repetir: a violencia contra as mulleres segue presente na nosa sociedade e non podemos permitir que se converta en algo habitual, que nos afagamos a escoitar falar dela ou que acabemos pensando que non hai nada que poidamos facer.

Porque cada vez que unha muller sofre violencia, toda a sociedade ten un motivo para reaccionar. E cada vez que unha muller é asasinada, perdemos todas e todos un pouco da sociedade xusta e igualitaria que queremos construír.

Desde Malpica queremos dicilo alto e claro: Malpica non mira para outro lado.

E queremos que estas palabras sexan algo máis ca unha frase que repetimos cada 25 de novembro. Queremos que representen un compromiso real, que se vexa no noso día a día, na maneira de actuar das institucións e na forma en que nos relacionamos coas persoas que temos ao noso redor.

Hoxe non queremos falar unicamente de cifras. Queremos falar das mulleres que hai detrás delas. Mulleres con nomes, con familias, con amizades, con proxectos e con

moitas cousas aínda por vivir. Mulleres ás que alguén lles fixo crer que non valían nada, que non podían marchar, que estaban soas ou que o que lles estaba pasando era culpa súa.

Queremos falar tamén das que calaron porque tiveron medo. Das que non souberon a quen acudir, das que pensaron que ninguén as ía crer e das que aguantaron durante anos porque tiñan fillos, porque dependían economicamente da persoa que as maltrataba ou porque non atopaban unha saída.

Desde fóra, ás veces, resulta demasiado fácil preguntar por que non marcharon antes, por que non denunciaron ou por que volveron con quen lles facía dano.

Pero poucas veces nos paramos a pensar no medo, nas ameazas, na dependencia, na falta de apoio ou no desgaste emocional que pode chegar a sufrir unha muller sometida á violencia.

Por iso, hoxe queremos lembrar algo fundamental: ningunha muller é culpable da violencia que sofre. Nunca.

A culpa é de quen maltrata, de quen ameaza, de quen humilla e de quen pretende controlar a vida doutra persoa. A vergoña non é de quen sofre a violencia, senón de quen a exerce.

Malpica de Bergantiños

Hoxe tamén queremos falar das que loitaron. Das que conseguiron saír dunha relación que as estaba destruíndo, das que tiveron que comezar de novo e das que, pouco a pouco, recuperaron a súa liberdade.

Das que pediron axuda, das que denunciaron e das que aínda están buscando a forza necesaria para dar ese paso.

Cada unha delas merece respecto, apoio e oportunidades para reconstruír a súa vida. E ningunha debería ter que facelo soa.

Pero hai mulleres que xa non poden contar a súa historia. Mulleres ás que a violencia lles arrebatou todo o que aínda lles quedaba por vivir.

Os últimos datos oficiais dispoñibles, actualizados o 23 de novembro, deixan unha realidade que non podemos ignorar: 47 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas en España no que vai de 2026. Desde 2003, a cifra ascende a 1.388 mulleres.

Detrás de cada número hai unha vida interrompida. Unha familia rota. Unhas amizades que botan de menos. Unha cadeira baleira. Un aniversario que xa non se celebrará. Un futuro que alguén decidiu arrebatarlles.

E non podemos esquecer tampouco os nenos e nenas que quedan orfos tras o asasinato das súas nais. Este ano, 38 menores quedaron orfos como consecuencia da violencia de xénero. Son 38 vidas marcadas por unha ausencia que nunca deberían ter que soportar.

Ademais, tres menores foron asasinados neste contexto durante 2026.

Non podemos permitir que estas cifras se convertan en simples datos que escoitamos e esquecemos. Falamos de persoas, de infancia, de familias e de dereitos vulnerados. Falamos dunha violencia que destrúe vidas e deixa feridas que, en moitos casos, acompañarán as vítimas e as súas familias durante toda a vida.

Por todas elas, o noso recordo, o noso respecto e o noso compromiso.

Pero tamén debemos entender que a violencia machista non comeza necesariamente cunha agresión física nin remata cun asasinato.

Moitas veces comeza moito antes: cun insulto, cunha humillación, cunha mensaxe para saber onde está a parella, cunha amizade que molesta, cunha roupa que non se pode poñer ou cunha decisión que outra persoa pretende tomar no seu lugar.

Comeza cando os celos se confunden co amor, cando controlar se presenta como unha forma de coidar e cando unha persoa vai perdendo a súa liberdade sen decatarse de ata que punto cambiou a súa vida.

Por iso é tan importante educar na igualdade desde a infancia, ensinar a respectar os límites das demais persoas e transmitir que querer non significa posuír, controlar nin decidir pola outra persoa.

Malpica de Bergantiños

E por iso tamén debemos prestar especial atención á mocidade, ás relacións que comezan e ás condutas que ás veces se xustifican como mostras de amor, cando en realidade poden ser sinais de control e de violencia.

Non abonda con condenar a violencia cando xa é demasiado tarde. Temos que ser capaces de detectala, de previla e de actuar antes de que as consecuencias sexan irreparables.

Esta responsabilidade é das institucións, pero tamén das familias, das amizades, dos centros educativos e de toda a sociedade.

É responsabilidade nosa non rir determinadas bromas, non xustificar actitudes machistas, non restar importancia ás ameazas e non permanecer en silencio cando sabemos que unha muller pode estar sufrindo.

Porque mirar cara a outro lado tamén ten consecuencias.

Desde o Concello de Malpica de Bergantiños queremos reafirmar o noso compromiso coa igualdade, coa

prevención da violencia e coa atención ás mulleres que a sofren.

Queremos seguir traballando para que os recursos de información, orientación e apoio estean ao alcance de quen os necesite. Para que as mulleres saiban onde acudir e atopen persoas dispostas a escoitalas, acompañalas e axudalas.

Queremos que o noso concello sexa un lugar no que ningunha muller sinta que ten que afrontar soa unha situación de violencia. Un lugar no que pedir axuda non sexa motivo de vergoña e no que ningunha vítima teña que xustificar o seu sufrimento para ser escoitada.

Sabemos que queda moito por facer. Que a igualdade real non se consegue dun día para outro e que os avances que tanto custou conquistar necesitan compromiso, traballo e continuidade.

Pero tamén sabemos que cada paso conta. Cada actividade de prevención, cada recurso que se pon a disposición das vítimas, cada crianza que medra sabendo que é libre para decidir e cada unha que aprende a relacionarse desde o respecto son pasos cara a unha sociedade mellor.

Non queremos mulleres valentes porque teñan que aprender a sobrevivir á violencia. Queremos mulleres libres, tranquilas, respectadas e donas das súas propias vidas.

Queremos que as nosas fillos e fillos medren en igualdade, sen medo, que aprendan que o amor nunca pode ser unha forma de dominio e que as futuras xeracións non teñan que seguir reunídose cada 25 de novembro para lamentar novas vítimas.

E queremos, sobre todo, que ningunha muller teña que morrer para que a sociedade entenda que a violencia é un problema de todas e todos.

Hoxe, neste acto, lembramos as que xa non están, acompañamos as que están sufrindo violencia e recoñecemos as que loitan cada día por recuperar a súa vida.

Malpica de Bergantiños

Facémolo tamén polas súas familias, polas amizades que as acompañan e por todos eses nenos e nenas que necesitan unha sociedade capaz de protexelos.

Por todas as que calaron porque tiveron medo.

Por todas as que falaron e non sempre atoparon quen as escoitase.

Por todas as que loitaron para recuperar a súa liberdade.

Por todas as que conseguiron saír e por todas as que aínda necesitan unha man tendida.

E por todas as que xa non están, ás que lles debemos memoria, xustiza e o compromiso de non deixar que o seu sufrimento caia no esquecemento.

Que o noso compromiso non dure só un 25 de novembro. Que se note cada día, nas nosas palabras, nas nosas decisións e na maneira de tratar as persoas.

Hoxe e todos os días do ano, desde Malpica queremos dicirlles ás mulleres que sofren violencia que non están soas, que merecen vivir sen medo e que teñen dereito a unha vida digna, libre e segura.

Porque ningunha muller debería ter que escoller entre a súa liberdade e a súa seguridade.

Porque querer nunca pode significar sufrir.

Porque ningunha violencia pode ter xustificación.

malpica non mira por outro lado!

Nin hoxe, nin mañá, nin nunca